



## nota de prensa

### **A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA VISITA O CESGA PARA INTERESARSE POLAS SÚAS CAPACIDADES DE TRANSFERENCIA Á INDUSTRIA**

- **A dirección da Confederación de Empresarios interésase polas infraestruturas de telepresenza instaladas no Centro.**
- **Incrementos na produtividade e redución de custos polo uso de tecnoloxías de telepresenza de alta inmersividade.**

**Santiago, 25 de Xaneiro de 2010.** - Unha delegación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) encabezada polo seu presidente, Antonio Fontenla, desprazouse ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) esta mañá para comprobar o funcionamento e as oportunidades de explotación das tecnoloxías de telepresenza instaladas no Centro.

Empresarios de Galicia (CEG) encabezada por su presidente, Antonio Fontenla, se desplazó al Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) esta mañana para comprobar el funcionamiento y las oportunidades de

Na súa visita, os representantes da CEG coñeceron de man de Ricardo Capilla, Presidente do Centro e Director Xeral de I+D+i da Consellería de Economía e Industria, os usos que empresas e institucións galegas fan a diario do supercomputador FinisTerra. Despois, Manuel Gens, CEO da consultora tecnolóxica galega GDI, realizou unha demostración do funcionamento da infraestrutura de última xeración que esta empresa instalou recentemente no CESGA.

O CESGA acumula unha longa experiencia na análise, avaliación, adecuación e transferencia de tecnoloxías punteiras en cómputo e comunicacións avanzadas a institucións e industria.

GDI mantén dende os seus inicios unha relación de socio tecnolóxico co CESGA, como centro de probas (beta tester) de novas tecnoloxías no campo da telepresenza.

#### **Redución de custos - incrementos de produtividade**

Na área de tecnoloxías de comunicacións de telepresenza, CESGA instalou fai xa case unha década a primeira rede de salas colaboradoras de teleinmersión na península ibérica (salas AccessGrid) a través do proxecto TORGA.net. Dende entón, CESGA asesorou múltiples universidades españolas e portuguesas no despregamento destas tecnoloxías.

Adicionalmente, CESGA vén utilizando estas tecnoloxías no desenvolvemento



diario dos numerosos proxectos internacionais de I+D+i nos que participa. Os técnicos e investigadores do Centro utilizan estas tecnoloxías para manter reunións de traballo e colaborar cos seus socios, beneficiándose así dunha significativa redución de custos de desprazamento e aforro de tempo dos seus traballadores. "A experiencia demostrounos que o uso intensivo destas tecnoloxías para a coordinación de equipos de traballo dispersos supón un claro aforro de custos e incremento da produtividade do persoal investigador e técnico" declarou Javier García Tobío, Director do CESGA.

### **Infraestrutura de Telepresenza de alta inmersividade Full HD**

Da man de Manuel Gens, de GDI, a representación dos empresarios galegos asistiron a unha experiencia de telepresenza en alta definición e con alta inmersividade Full HD na cal, sen abandonar o Centro, puideron coñecer a opinión de técnicos e usuarios da tecnoloxía en ata 16 localidades remotas diferentes cos que compartiron aplicativos diversos.

A tecnoloxía utilizada no despregamento de infraestrutura instalada en CESGA é froito dunha colaboración entre as tecnolóxicas Lifesize, Vordis e GDI. Esta infraestrutura utiliza equipos de videopresenza de alta definición (Full HD), con alta inmersividade permitindo a conectividade de ata 16 puntos remotos.

Manuel Gens resaltou as "facilidades e vantaxes que estas tecnoloxías achegan para a coordinación e a fluidez nas comunicacións en organizacións con múltiples sedes dispersas". Estes sistemas permiten traballar coas redes habitualmente a disposición das PEME, mesmo con liñas ADSL domésticas.

**Sobre CEG:** A Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) é unha organización privada e independente, cuxo principal obxectivo fundacional é o fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado na Comunidade Autónoma galega. A través das federacións e asociacións integradas, a Organización agrupa na actualidade a máis de 100.000 empresas galegas, na súa maioría pemes. Como entidade ao servizo da comunidade empresarial, a actividade da CEG céntrase na representación e defensa dos intereses xerais do empresariado ante as institucións, organismos públicos e axentes sociais.

**Sobre GDI:** GDI é unha consultora tecnolóxica con sede en Galicia e implantación internacional cuxa actividade se centra na xeración de solucións de telepresenza para a mellora competitiva dos seus clientes; a través da creación de integracións propias das últimas tecnoloxías dispoñibles. GDI mantén alianzas tecnolóxicas con Lifesize, Vordis, Accenture, British Telecom, Vitelsa e CESGA.

**Sobre CESGA:** O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é o centro de cálculo, comunicacións de altas prestacións e servizos avanzados da Comunidade Científica Galega, sistema académico universitario e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). CESGA ten como obxectivo contribuir ao avance da ciencia e a tecnoloxía mediante a investigación e a aplicación da computación de alto rendemento e comunicacións para o beneficio da sociedade.

**Máis información:** Dpto. de Promoción y Comunicación (CESGA) 34 981 56 98 10  
[promocion@cesga.es](mailto:promocion@cesga.es)